

ESTRATEGIA RETORNA
2020

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

1 | INTRODUCCIÓN

1.1 | ANÁLISE DA SITUACIÓN DA EMIGRACIÓN E A CIDADANÍA GALEGA NO EXTERIOR

A) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA NO EXTERIOR 6

B) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA EN AMÉRICA 8

C) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA EN EUROPA 12

1.2 | O RETORNO COMO UNHA DAS MEDIDAS PARA AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO

2 | MEDIDAS DE APOIO AO RETORNO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 17

2.1 | ÁREA DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO 17

2.2 | ÁREA SOCIAL 18

2.3 | ÁREA DO TRABALLO E O EMPRENDEMENTO 20


2.4 | ÁREA DE I+D+I 24

2.5 | ÁREA DA CULTURA E O ENSINO 26

2.6 | ÁREA DA VIVENDA 27

| CONCLUSIÓNS 29

| METAS 2020 31



1 | INTRODUCCIÓN

- 1.1 | ANÁLISE DA SITUACIÓN DA EMIGRACIÓN E A CIDADANÍA GALEGA NO EXTERIOR
- 1.2 | O RETORNO COMO UNHA DAS MEDIDAS PARA AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO

Historicamente a emigración é un elemento substancial da sociedade galega. Esta circunstancia determina que o noso Estatuto de Autonomía dedique especial atención a esta cuestión:

- O artigo 4.3 xeneraliza o mandato da galeguidade no seu aspecto máis actual: o retorno. Aquí configúrase como principio reitor da política social e económica da comunidade autónoma ao facer efectivo “o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”.

Este mandato estatutario marca a necesaria **impliación da Xunta na formulación de políticas que favorezan o retorno** de emigrantes galegos e os seus descendentes, un compromiso especialmente relevante nun momento social e económico no que as cifras confirman unha tendencia cara o retorno. O Goberno galego é consciente, asemade,

de que máis de 7 de cada 10 galegos residentes no estranxeiro naceron xa na diáspora pero manteñen coa terra de orixe dos seus pais e avós unha fonda vinculación persoal e emotiva.

Seguir traballando para o seu retorno, para que aqueles e aquelas que o desexen poidan volver á terra, será un aspecto fundamental nos vindeiros meses, e mesmo nos vindeiros anos, pois a recuperación económica na Galicia territorial debe servir tamén para dotar de maiores e mellores oportunidades aos galegos residentes no exterior na propia terra.

O retorno non é, así, unicamente un **dereito** de todos os galegos e galegas emigrados, senón ademais unha **oportunidade extraordinaria** que a historia de Galicia nos ofrece para superar o complexo reto demográfico que ten por diante a nosa comunidade autónoma.

1.1 | ANÁLISE DA SITUACIÓN DA EMIGRACIÓN E A CIDADANÍA GALEGA NO EXTERIOR

Se analizamos a situación da emigración e a cidadanía galega no exterior, podemos destacar algúns datos fundamentais:


A) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA NO EXTERIOR

A análise dos datos da presenza da cidadanía galega no exterior sinala un incremento progresivo dos galegos e galegas residentes no exterior nos últimos anos, situándose en preto de 516.489 persoas a 1 de xaneiro de 2018. Este incremento vén determinado, esencialmente, polo aumento do número de persoas que ac-

cederon ou recuperaron a nacionalidade española ao amparo da chamada Lei da Memoria Histórica, que entrou en vigor en 2007. En concreto, desde entón a poboación galega nacida no exterior incrementouse en 142.970 persoas (132.231 dende 2009), mentres que as nacidas en Galicia descendieron en 10.337.

GRÁFICO 1.


POBOACIÓN GALEGA TOTAL, NACIDA DENTRO E FÓRA DE GALICIA, RESIDENTE NO EXTERIOR



Fonte: INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICO 2.


POBOACIÓN GALEGA NACIDA EN ESPAÑA RESIDENTE NO EXTERIOR



Fonte: INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICO 3.


POBOACIÓN GALEGA NACIDA NO ESTRANXEIRO



Fonte: INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICO 4.

**INCREMENTO DA POBOACIÓN GALEGA
RESIDENTE NO EXTERIOR. PERÍODO 2009-2017**




Fonte: INE. Padrón de españois
residentes no estranxeiro (PERE).

B) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA EN AMÉRICA


Os estados con maior presenza de galegos e galegas son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, amosa un maior **incremento da cidadanía galega en América** (115.125 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (16.015 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de galegos e galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do incremento natural da poboación e con este **acceso á cidadanía por lei** e as transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as.

GRÁFICO 5.
POBOACIÓN GALEGA TOTAL RESIDENTE EN AMÉRICA




Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICO 6.
POBOACIÓN GALEGA NACIDA EN ESPAÑA, RESIDENTES EN AMÉRICA



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.


GRÁFICO 7.
POBOACIÓN GALEGA NACIDA EN AMÉRICA



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

Outro dato clarificador da presenza da cidadanía galega nacida en Galicia en América que demostra que corresponde a correntes de emigración de mediados do século XX é o envellecemento da poboación. Fronte ao 24,4% que supón a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos que viven na nosa comunidade autónoma, no ano 2016 as porcentaxes de persoas galegas nadas en Galicia desta franxa de idade residentes nos países americanos son moi superiores: desde o máis do 94% da Arxentina ao 36,18% dos Estados Unidos de América. Tan só nos Estados Unidos e en México a poboación nacida en Galicia en idade activa supera á poboación maior de 65 anos.


GRÁFICO 8.
ESTRUTURA POR IDADES DA POBOACIÓN GALEGA NACIDA EN GALICIA, RESIDENTE EN AMÉRICA



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
Datos a 1 de xaneiro de 2018.

GRÁFICO 9.

PESO DA POBOACIÓN GALEGA NACIDA EN GALICIA, SOBRE O TOTAL DE POBOACIÓN GALEGA DOS SEGUINTE PAÍSES DE AMÉRICA




Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
Datos a 1 de xaneiro de 2018.

Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nados no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuvenece. Así, a porcentaxe de maiores de 65 anos é -salvando o caso de Cuba- moi inferior á da propia comunidade autónoma de Galicia. Este contraste é especialmente chamativo no caso de países como Venezuela, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro na súa práctica totalidade) é menor de 16 anos.

GRÁFICO 10.


ESTRUTURA POR IDADES DA POBOACIÓN GALEGA NACIDA FÓRA DE GALICIA, RESIDENTE EN AMÉRICA POR PAÍSES.



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE).
Datos a 1 de xaneiro de 2018.

GRÁFICO 11.

PESO DA POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE EN AMÉRICA NACIDA
FÓRA DE GALICIA SOBRE O TOTAL DE POBOACIÓN GALEGA RESIDENTE EN AMÉRICA




Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de 2018.

Como podemos comprobar, case o 84% dos galegos de segundas e terceiras xeracións teñen menos de 65 anos. **Debemos, polo tanto, manter o firme compromiso con todos os programas destinados aos galegos da diáspora** que lograron que o seu vínculo con Galicia sexa tan forte coma o dos seus pais e avós, **así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só dos galegos emigrados, senón tamén dos seus descendentes.**

C) ANÁLISE DA POBOACIÓN GALEGA EN EUROPA


No caso europeo podemos destacar as seguintes características da evolución desta poboación: en primeiro lugar, tal e como se pode apreciar nos gráficos seguintes, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre galegos/as nados/as no estranxeiro, cunha curva crecente sostida desde o ano 2009 e que constitúe o 99% do incremento xeral neste período. A explicación a este aumento de poboación galega en Europa non naci- da na nosa comunidade autónoma hai que buscala en dous grupos demográficos. Por unha banda, nos galegos/as nados/as en familias emigrantes en Eu- ropa; e, por outra, nos galegos/as nados/as noutros países –esencialmente de América– que emigraron a Europa e fixaron a súa residencia en países do es- paz de Schengen.

GRÁFICO 12.
POBOACIÓN GALEGA TOTAL RESIDENTE EN EUROPA




Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICO 13.
NACIDOS EN GALICIA OU NOUTRA PROVINCIA DE ESPAÑA, RESIDENTES EN EUROPA



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

GRÁFICA 14.
NACIDOS NO ESTRANXEIRO



Fonte. INE. Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

No caso de Europa case o 83% dos galegos nados en Galicia e os seus descendentes teñen menos de 65 anos. Podemos concluír de xeito similar que no caso de América, afirmando que **debemos manter o firme compromiso con todos os programas destinados a preservar o vínculo coa súa terra (que no caso de Europa é relativamente máis sinxelo pola súa proximidade a Galicia territorial) así como intensificar as medidas que favorezan o retorno a Galicia.**

1.2 | O RETORNO COMO UNHA DAS MEDIDAS PARA AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO

Galicia, ao igual que outras comunidades autónomas de España, está a traballar para dar solución ao importante reto demográfico que afronta, motivado por un crecemento natural negativo, derivado dunha menor taxa de natalidade e dun acusado proceso de envellecemento da poboación. Na declaración institucional do Foro de Rexións con Desafío Demográfico, ao que pertence a nosa comunidade autónoma, recóllese a necesidade real de adoptar medidas urxentes para paliar esta situación a nivel nacional e supranacional, pero tamén autonómico.

Neste manifesto déixase evidencia dun cambio demográfico cunha tendencia crecente á concentración da poboación nos núcleos urbanos e a unha perda de poboación do medio rural, que se centra nos mozos e na poboación en idade de traballar. A Xunta de Galicia traballa para reverter esta tendencia impulsando medidas no ámbito social, educativo, sanitario ou das TICs.

A “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2016” elaborada polo Consello Económico e Social tamén pon de manifesto esta realidade social e demográfica da nosa comunidade, ante a que se están a deseñar unha serie de liñas estratéxicas, como a creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica; a aprobación nos últimos anos de varios proxectos no ámbito demográfico; o Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020; a Estratexia para a Prevención e Detección Precoz da Dependencia, horizonte 2020; a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020; e o Plan Estratéxico Rexional Galicia 2015-2020.

O Goberno galego é consciente dende fai anos de que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais no cambio demográfico: **os milleiros de galegos de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial** pero conservan igual de forte o vínculo coa terra que viu saír aos seus pais e avós. Un vínculo que se mantivo inquebrantable gracias ao esforzo que a Xunta de Galicia vén facendo dende fai décadas cos distintos programas destinados á emigración en todo o mundo. **Queremos que todos estes galegos sintan a súa terra como o lugar onde desenvolver a súa traxectoria persoal e profesional, e desde o Goberno galego imos establecer todas as medidas necesarias para que Galicia sexa a súa mellor opción para vivir.**

Para dar cumprimento a este obxectivo, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo diferentes accións para favorecer o retorno. Entre elas, cumpre salientar programas da **Secretaría Xeral da Emigración** como as axudas extraordinarias ao retorno ou as axudas ao autoemprego e a actividade emprendedora para galegos retornados ou, de máis recente creación, as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME).

A propia **Lei 7/2013, do 7 de xuño, da Galeguidade** establece, nos artigos 53 e 54 do seu capítulo VI, a definición do emigrante galego retornado:

Artigo 53.

Condición de galego/a retornado/a

1. Terán a condición de galego/a retornado/a as persoas galegas e nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á comunidade autónoma galega, sempre que cumpran o disposto nesta lei.
2. Asimílanse a galegos/as retornados/as para os efectos previstos nesta lei os cónxuxes ou as persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que residindo fóra de España se establezan na comunidade autónoma de Galicia e cumpran o disposto nesta lei.

Artigo 54.

Requisitos para adquirir a condición de galego/a retornado/a

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de galego/a retornado/a son os seguintes:

- a) Ser galego/a e nacido/a en Galicia.
- b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal, segundo o disposto no artigo 53.2 desta lei.
- c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado/a a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- d) Estar empadroad/a nun municipio da comunidade autónoma de Galicia.

O período de tempo de residencia no exterior, os requisitos e outras condicións particulares, así como o procedemento para adquirir a condición de galego/a retornado/a, determinaranse regulamentariamente.

E esta a definición que toma como referencia o Goberno galego á hora de deseñar as medidas dirixidas aos retornados, algunhas das cales se amplían mesmo aos **seus descendentes**.

Tamén é importante ter en conta que a **Xunta de Galicia** vén desenvolvendo de forma **transversal**, a través das súas consellerías e organismos, políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes, con especial relevancia das deseñadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para autoemprego, contratación indefinida de traballadores e investigación, entroutros eidos. Tamén participan de xeito fundamental neste proxecto integral a Consellería de Política Social, a de Educación e Ordenación Universitaria, a de Sanidade, a de Infraestruturas e Vivenda, Vicepresidencia e a de Medio Rural a través de diferentes accións.

En resumo, trátase dunha acción transversal de apoio ao retorno e integración sociolaboral dende todas as vertentes na que están implicados a Xunta de Galicia e todos os seus departamentos e que, ao igual que o propio país e a súa realidade, é un **documento vivo e aberto**, en constante evolución e susceptible de ir incorporando novos obxectivos e medidas, como os que resulten das propostas do recentemente creado Observatorio Demográfico.

Este documento recolle as principais liñas de traballo en materia de retorno que se veñen desenvolvendo polo Goberno gale-

go e outras que consideramos necesario implantar, para converter **Galicia na mellor opción para vivir** dos galegos residentes no exterior.

Esta estratexia está baseada en varias **LIÑAS DE ACTUACIÓN:**

- Facilitar instrumentos de **atracción profesional** de poboación galega residente no exterior.
- Xestionar de xeito integral a información de interese e o asesoramento técnico para a persoa que pensa retornar e os que xa retornaron a través dunha **plataforma única**.
- Intensificar o **apoio integral ás familias** no retorno.
- Promover a **continuidade educativa** dos retornados e dos seus familiares.
- Facilitar a participación nos programas de **inclusión sociolaboral**, reforzar a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral e apostar por programas de desenvolvemento persoal das mozas e mozos retornados.
- Promover con incentivos específicos a **incorporación laboral** dos retornados.

- Intensificar o apoio o **emprendemento e o autoemprego** dos galegos retornados, en especial **no rural** galego.
- Incentivar a captación de **capitais e proxectos empresariais** para os investimentos dos galegos retornados na Galicia territorial e os grandes investidores de orixe galego, e facilitar a súa participación no accionariado de empresas galegas.

A magnitude desta estratexia vén esixida pola cantidade de beneficiarios potenciais das medidas que a integran. Máis do 70 % dos galegos que residen no exterior (364.214 do total de 516.489) teñen menos de 65 anos, e deles 228.985 (é dicir, o 62,87%), menos de 45. En resumo, case a metade de todos os galegos que viven fóra das nosas fronteiras son **menores de 45 anos**, o que supón unha poboación obxectiva fundamental para lograr o propósito do Goberno galego de recuperar e rexuvenecer a poboación galega.

En definitiva, debemos seguir intensificando os esforzos, xa que a realidade migratoria actual de Galicia amósanos que somos unha das comunidades autónomas con maior volume de retorno. No 2016 retomou os **saldos migratorios positivos**, e das persoas con nacionalidade española que regresaron a Galicia (5.125) o 79% ten menos de 65 anos. É dicir, a maioría de persoas que retornan están en **idade de traballar**, familias que xa elixen Galicia para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

2 | MEDIDAS DE APOIO AO RETORNO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- 2.1 | ÁREA DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO
- 2.2 | ÁREA SOCIAL
- 2.3 | ÁREA DO TRABALLO E O EMPRENDEMENTO
- 2.4 | ÁREA DE I+D+I
- 2.5 | ÁREA DA CULTURA E O ENSINO
- 2.6 | ÁREA DE VIVENDA

2.1 | ÁREA DE ASESORAMENTO E SEGUIMENTO

OBXECTIVO 1º

Crear un sistema de xestión integral do retorno, como proxecto piloto cofinanciado con cargo ao Programa Operativo FSE-Galicia 2014-2020, a través dunha oficina física en Galicia, co obxectivo de facilitar ás persoas emigrantes retornadas e as súas familias un servizo de ventanilla única con asesoramento e seguimento personalizado nās áreas de:

- Empleo e formación
- Social
- Educativa

MEDIDA

Creación da **Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno**, integrada por un conxunto de técnicos cualificados, para asesorar de forma presencial e efectuar un seguimento personalizado as persoas emigrantes retornadas e as súas familias no eido dos obxectivos temáticos previsto no PO FSE Galicia 2014-2020.

COMPETENCIA |

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 2º

Facilitar o acceso a todas as medidas de fomento do retorno a todos os galegos no exterior a través das TICs.

MEDIDA

Creación da **Plataforma Virtual do Retorno**, que concentrará toda a información desta iniciativa transversal.

MEDIDA

Crear un teléfono de atención ao retornado.

COMPETENCIA |

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 3º

Que os galegos residentes no exterior coñezan as medidas que se recollen neste documento.

MEDIDA

Intensificar a divulgación dos programas da Xunta de Galicia no exterior, organizando **encontros informativos** en puntos de encontro da diáspora.

COMPETENCIA

Transversal

MEDIDA

Incentivar ás comunidades galegas do exterior para que **divulguen** no país de residencia as accións do retorno.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 4º

Que os emigrantes que retornaron recentemente a Galicia dispoñan de fontes de información válidas para a súa integración social e laboral.

MEDIDA

Incentivar ás asociacións que desenvolvan proxectos dirixidos á **integración** dos emigrantes retornados.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

2.2 | ÁREA SOCIAL

OBXECTIVO 1º

Informar ás persoas retornadas e ás que estean pensando en facelo de todas as medias específicas dirixidas e xerais do seu interese.

MEDIDA

A **Oficina integral de asesoramento ao retorno** ofrecerá información sobre:

- As **axudas** de carácter extraordinario e social que poidan ser de aplicación aos galegos retornados de ámbito nacional, autonómico e local.
- Sistema de acceso a **prestacións** como a Renda de Inclusión Social de Galicia ou as prestacións non contributivas.
- O procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de **discapacidade**, e información sobre os programas específicos.
- O acceso ao sistema sanitario mediante a **tarxeta sanitaria**.
- Os programas de axuda da Dirección Xeral de:
 - Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, incidindo no Programa de Axudas á **Natalidade** e nos destinados a familias numerosas.
 - Inclusión Social.
 - Maiores e Persoas con Discapacidade.
 - Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Outras cuestións de importancia, como **nacionalidade, permisos** de residencia e traballo, coberturas sociais e sanitarias para cónxuxes e familiares sen nacionalidade española, etc.
- A **documentación** que debe traer do país de residencia para realizar trámites coas Administracións públicas en España.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 2º

Atención de situacións de vulnerabilidade en familias galegas retornadas para a súa plena integración.

MEDIDA

Seguir impulsando as **axudas extraordinarias** aos emigrantes retornados para axudar a facer fronte ás causas sobrevidas derivadas do retorno que requiren dunha atención perentoria. Cada unidade familiar poderá recibir unha axuda de ata 3.900€.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA

Incorporar unha nova liña de axudas para familias de retornados con fillos **menores de idade** que se establezan en Galicia de 1.000 euros por neno ata o segundo fillo e de 1.500 euros a partir do terceiro, cun incremento do 25 % se a residencia familiar está fixada no rural.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA

Facilitar o acceso dos retornados ás **prestacións sociais** ás que teñen dereito.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

MEDIDA

Asistencia integral ás mulleres retornadas vítimas de **violencia de xénero** a través de recursos residenciais de acollida temporal e dos non residenciais.

COMPETENCIA

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

OBXECTIVO 3º

Conseguir a plena integración das familias galegas retornadas no menor tempo posible.

MEDIDA

Facilitar a participación das persoas emigrantes retornadas nos programas de **inclusión sociolaboral**.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

MEDIDA

Facilitar a aproximación á **realidade de Galicia** a aquelas persoas galegas que levan moito tempo lonxe da nosa terra.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

OBXECTIVO 4º

Fomentar o retorno das familias galegas a través do apoio á natalidade e á conciliación familiar.

MEDIDA

Adaptar as especiais circunstancias das familias retornadas para acceder desde o seu empadramento a todas as medidas favorecedoras da **natalidade, como a Tarxeta Benvida**. Mediante esta última, as familias obterán unha axuda de 1.200 euros ao ano no primeiro ano de vida do seu fillo, ampliable ata os 3 anos nalgúns casos.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

MEDIDA

Dar visibilidade ás medidas favorecedoras da **conciliación familiar**, como o acceso fóra de prazo ás escolas infantís, centros de día e residencias de anciáns, etc.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

OBXECTIVO 5º

Apoiar a integración dos máis mozos.

MEDIDA

Facilitar o acceso dos mozos e mozas retornados ás distintas liñas de axuda para o desenvolvemento de proxectos **xuvenís e de voluntariado** e do programa Iniciativa Xove.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

2.3. | ÁREA DO TRABALLO E O EMPRENDIMENTO

OBXECTIVO 1º

Informar aos presentes e futuros retornados das medidas específicas dirixidas a favorecer a súa integración no mercado laboral e incentivar o autoemprego ou a creación de empresas.

MEDIDA

A **Oficina Integral de Asesoramento ao Retorno** facilitará:

- Información sobre a busca de traballo a través o **servizo público de emprego**.
- Creación dentro da oficina virtual dun canal **Retorna Profesional** onde os galegos do exterior con formación especializada e os retornados dispoñan dun perfil onde colguen o seu curriculum vitae e as súas aspiracións profesionais, creando un catálogo ou directorio a disposición das empresas galegas. As empresas poderían colgar as súas **demandas de traballo**, creando un espazo de comunicación entre as partes.
- Información sobre a **tramitación de pensións** e outras prestacións derivadas do traballo.
- Apoio o **traslado de empresas**.
- Canal de información específico do **emprendemento** e **novos autónomos**, dentro da Oficina Virtual do Retorno, sistemas de financiamento, trámites coas Administracións, axudas e subvencións, etc.
- Orientación para o **investimento** na Galicia territorial.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 2º

Promover a formación dos galegos retornados para a súa integración no mercado laboral.

MEDIDA

Introducir o colectivo como prioritario nos programas de **formación** da Consellería de Economía, Emprego e Industria tanto nos cursos de formación para desempregados como nos programas de obradoiros e unidades formativas.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Implantar nos sistemas electrónicos das oficinas e nos de formación do sistema público de emprego de Galicia os códigos correspondentes e un **protocolo de atención** específico para os galegos retornados.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa para o financiamento de accións formativas co **compromiso de contratación** en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación. As axudas incrementanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 8.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

OBXECTIVO 3º

Promover a integración laboral dos galegos retornados.

MEDIDA

Programa de incentivos á contratación na **empresa ordinaria**, destinado a facilitar a inserción laboral das persoas desempregadas con dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade. Subvenciónase a contratación indefinida inicial e a temporal cunha duración mínima de doce meses e a formación de persoas contratadas por medio desta orde. As axudas á contratación incrementanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 8.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa **APROL-economía social**, destinado a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais. Estas axudas incrementanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 67.500 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa **APROL Rural**, que ten como obxectivo o fomento do emprego en colaboración coas entidades locais no medio rural a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa de fomento e consolidación do emprego nas **pemes de nova creación**, que ten por finalidade xerar emprego estable para persoas desempregadas, dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais en Galicia, con especial atención aos concellos do rural galego. Estas axudas incrementanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 8.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Axudas á contratación indefinida de persoas asalariadas por traballadores autónomos dentro do programa de promoción e consolidación de **emprego autónomo**. Estes incentivos incrementanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 8.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

OBXECTIVO 4º

Promover o autoemprego e a creación de pemes polos galegos retornados do exterior.

MEDIDA

Axudas para promover o autoemprego e a creación de empresas por emigrantes galegos retornados, a través do **Retorno Emprendedor**, coas que estes emprendedores poderán ter unha achega de ata 10.000 euros para gastos correntes derivados da súa posta en marcha, incentivando a creación de empresas nos concellos rurais.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

MEDIDA

Programa de promoción e consolidación de **emprego autónomo**, que dá acceso ás axudas a desempregados que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores autónomos por conta propia. Tamén incentiva a creación de emprego autónomo. Estas axudas increméntanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 8.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa **Galicia Rural Emprende**, que ten por finalidade a creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais con achegas de ata 70.000 euros que poden incrementarse noutros 20.000 adicionais se xera postos de traballo indefinidos e en 5.000 máis se está en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Programa Emega, que comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por **mulleres**, e a favorecer a conciliación familiar e dar acceso aos servizos específicos de acompañamento, asesoramento e titorización co obxecto de facilitar a implantación e a consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

Dentro deste programa podemos atopar distintas liñas de axuda: Emprende, Innova, Activa, ITEF, Concilia e Dual.

COMPETENCIA

Consellería de Vicepresidencia, e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

MEDIDA

O programa de Apoio ás Iniciativas de Emprego de **Base Tecnolóxica (IEBT)** pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das que teñen amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego. Con este programa subvenciónase a creación de traballo indefinido. Estas axudas increméntanse nun 25% para os emigrantes retornados e terán unha contía máxima de 24.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Asesoramento e axuda no acceso aos **Préstamos IFI**, que comprenden tres modalidades:

IFI Innova, de apoio financeiro a proxectos innovadores de pemes, financiando activos tanxibles e intanxibles e gastos de desenvolvemento e innovación (para importes de ata 500.000 euros).

IFI Emprende, de apoio a pemes promovidas por emprendedores mediante préstamos a tipos de xuro reducidos, para a súa posta en marcha en Galicia (para importes de ata 500.000 euros).

IFI Industria 4.0, de apoio a pemes do ámbito da nova industria mediante préstamos a tipos de xuro reducidos. (para importes de ata 1.000.000 euros).

Nos tres as pemes beneficiaranse de tipos de xuros reducidos e garantías, e sen garantías adicionais á responsabilidade da sociedade prestameira ata certas contías.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Asesoramento e axuda no acceso ao **Programa Resolve**, que permite o acceso a préstamos bancarios avalados de entre 3.000 e 150.000 euros, con prazos de amortización de ata 7 anos.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Asesoramento e axuda no acceso aos préstamos do **BEI (Banco Europeo de Inversións)**, en dúas modalidades:

BEI-Inversións: Financiamento do 50% dos investimentos, incluíndo necesidades de circulante estrutural. O importe do investimento deberá estar comprendido entre 150.000 € e 25.000.000 € e o do préstamo, entre 75.000 € e 12.500.000 €, co límite do 50% do investimento financiable.

BEI-Circulante: Financiamento do circulante estrutural para o crecemento do negocio. O importe do préstamo estará comprendido entre 150.000 € e 500.000 €, cos límites do 25% da suma de aprovisionamentos e gastos de persoal e do 50% dos fondos propios.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Crearase unha liña de apoio propia para os emigrantes retornados, ao igual que existen liñas sectoriais ou con **clústers**.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Asesoramento e axuda para conseguir a marca **Galicia Calidade**.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

A aqueles galegos que teñen unha pequena empresa no seu país de acollida facilitaránselle os medios para o seu **traslado a Galicia**, incentivando o seu establecemento no rural.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

OBXECTIVO 5º

Retorno de empresarios e grandes investidores galegos do exterior ofrecéndolles oportunidades de investimento na Galicia territorial

MEDIDA

Asesoramento e axuda no acceso aos Incentivos Económicos Rexionais que teñen por finalidade fomentar o desenvolvemento económico rexional a través do apoio financeiro á **implantación** de proxectos empresariais en Galicia para corrixir os desequilibrios territoriais existentes.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Roldas de financiamento como “**Business Angels**” daqueles proxectos de emprendedores con máis posibilidades de saír adiante e que busquen liñas de financiamento.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

Propostas de **investimento** ás empresas galegas que estean en proceso de ampliación do seu accionariado.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.4 | ÁREA DE I+D+I

OBXECTIVO 1º

Informar aos presentes e futuros retornados das medidas específicas dirixidas aos investigadores.

MEDIDA

A **Oficina Integral de Asesoramento ao Retorno** ofrecerá información sobre os programas destinados a investigadores e ao emprendemento innovador.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

OBXECTIVO 2º

Promover a captación e retorno de investigadores a Galicia territorial fomentando a súa incorporación aos distintos centros de coñecemento e institucións que traballan no eido do I+D+i.

MEDIDA

O Programa **Oportunus** está dirixido á **captación e retorno** de investigadores de ata 35 anos a través de:

- Contrato estable e apoio económico para investigadores excelentes (gañadores dunha **grant ERC**).
- Apoio económico a través dun convenio coas institucións de acollida galegas para apoiar a actividade de investigadores que foron **finalistas** en convocatorias do ERC para que melloren a súa proposta e volvan a presentar a súa solicitude.
- Formación e asesoramento para presentarse a **convocatorias** do ERC.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

O Programa **Principia** busca fomentar a **incorporación** de persoal técnico e investigador novo nas nosas empresas e centros de coñecemento a través dun incentivo de 10.000 euros por contrato. O alcance previsto é incorporar entre 100 e 150 técnicos cualificados ao ano en empregos de alto valor engadido.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

MEDIDA

O Programa **Talento Sénior**, destinado a fomentar a **captación** internacional ou a **retención** de investigadores excelentes ou especialmente cualificados para que desenvolvan a súa investigación en empresas ou centros de coñecemento situados en Galicia.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

OBXECTIVO 3º

Fomentar e apoiar a creación de empresas no eido da innovación.

MEDIDA

A **Rede Galega de Aceleradoras da Innovación** ofrece un apoio intensivo nas primeiras etapas de nacemento empresarial prestando soporte específico á evolución dende ideas incipientes a prototipos, ou dende os prototipos ate produtos listos para o mercado a través dunha programación temporal inferior ao habitual nestes procesos, e captando proxectos desenvolvidos por investigadores e emprendedores no estranxeiro.

COMPETENCIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.5 | ÁREA DA CULTURA E O ENSINO

OBXECTIVO 1º

Informar aos presentes e futuros retornados das medias dirixidas a favorecer a súa continuidade formativa ou dos seus fillos.

MEDIDA

A **Oficina Integral de Asesoramento ao Retorno** ofrecerá información sobre:

Acceso ao sistema educativo español, así como sobre os trámites administrativos para a **escolarización** dos seus fillos.

Axudas e **bolsas** para todos os niveis de ensinanza tanto de ámbito estatal como autonómico.

Homologación de estudos.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

OBXECTIVO 2º

Incentivar o retorno dos galegos do exterior favorecendo a súa incorporación ou a dos seus fillos nos centros de ensinanza primaria e secundaria da nosa comunidade autónoma, así como no sistema universitario de Galicia.

MEDIDA

Seguir traballando no desenvolvemento do Programa de Estudo para a **Retención do Talento** Emerxente de Galicia (**Pértega**), que fomenta as sinerxias entre os axentes implicados no desenvolvemento do talento xuvenil, reforza a capacitación das habilidades transversais máis demandadas polo mercado laboral e aposta por programas de desenvolvemento persoal que aceleren as capacidades e dean resonancia e visibilidade aos mozos e mozas retornados máis cualificados, premiando o seu talento e o seu esforzo.

COMPETENCIA

Consellería de Política Social

MEDIDA

Incluír o colectivo dos estudantes retornados nas axudas destinadas ao alumnado das universidades galegas que por causas sobrevidas e imprevistas teña **dificultades económicas** para continuar os estudos.

COMPETENCIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

MEDIDA

Bolsas para cursar estudos de **Formación Profesional Superior** para emigrantes retornados, cunha achega de 4.000 euros.

COMPETENCIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

MEDIDA

Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), para que as mozas e mozos galegos que residen no exterior con formación universitaria veñan a Galicia a cursar un mestrado que lles permita incorporarse ao mercado laboral galego. Comprenden unha achega anual de 7.000 euros para os estudantes de Europa e 7.650 para os do resto de países, que chegan a 11.475 euros no caso dos mestrados de curso e medio de duración. Durante a súa estadía facilitaráselles orientación laboral para que poidan iniciar a súa traxectoria profesional e establecerse en Galicia.

COMPETENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

2.6 | ÁREA DA VIVENDA

OBXECTIVO 1º

Facilitar o acceso á vivenda

MEDIDA

O IGVS colaborará coa **Oficina integral de Asesoramento ao Retorno** a través do asesoramento ao seu persoal sobre todos os programas de axudas.

MEDIDA

Acceso ás Vivendas de **Promoción Pública** dos emigrantes retornados en igualdade de condicións que o resto de galegos, facilitando a súa inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da comunidade autónoma de Galicia.

MEDIDA

Acceso ás axudas ao **aluguer** dos emigrantes retornados en igualdade de condicións que o resto de galegos desde o seu empadramento.

COMPETENCIA

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

OBXECTIVO 2º

Fomentar a rehabilitación de vivendas.

MEDIDA

O IGVS colaborará coa **Oficina integral de Asesoramento ao Retorno** a través do asesoramento ao seu persoal sobre todos os programas de axudas para acceso á vivenda e rehabilitación.

MEDIDA

Incluir nos programas de axudas para a **rehabilitación** de vivendas ás persoas emigrantes retornadas.

COMPETENCIA

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

| CONCLUSIÓNS

Galicia, como país vivo, que é, escribe cada día a súa historia e, con ela, o seu futuro. Co paso do tempo, a realidade da nosa comunidade autónoma ten mudado en moitos aspectos, desde o demográfico ata o tecnolóxico e o industrial, e en practicamente todos para introducir cambios positivos. O fenómeno da emigración, tan vencellado historicamente á nosa terra, está a experimentar unha tendencia que, por primeira vez en décadas, axuda a reverter a situación que durante o século pasado levou a tantos galegos a deixar a comunidade cara outros países e continentes. Por iso, e porque esta nova realidade social e económica trae consigo novos retos, se non queremos que se convertan que estes desafíos se convertan no talón de Aquiles de Galicia, o Goberno autonómico debe traballar para acadar certos **obxectivos**, que son os que comparte esta Estratexia de Fomento do Retorno:

- **Atraer** galegos residentes no exterior, tanto os que retornan como os que se instalan na comunidade por primeira vez.
- Ofrecer e procurarlles unha cobertura integral das súas **necesidades básicas**.
- Facilitar a súa **integración** educativa e laboral.
- Analizar e executar todas as medidas ao alcance do Goberno galego para combater e **superar o complexo reto demográfico** de Galicia desde o fomento do retorno.

Consciente desta situación, a Xunta de Galicia leva tempo traballando para conquistar, ao menos parcialmente, estes obxectivos. O resultado é esta es-

tratexia e o **medio cento de medidas**, tanto de **carácter transversal como específico**, que contén para favorecer o retorno no máis amplo senso de galegos residentes no exterior e o seu arraigo na comunidade. A implicación de todas as conselleiras que conforman o Goberno galego na elaboración deste plan queda reflectida nunha **actuación integral** que pretende ofrecer todas as garantías aos galegos retornados de que **Galicia é a súa mellor opción para establecerse tanto persoal coma profesionalmente**. Por iso, a atención que reciban, igual cas súas propias necesidades, abranguerá un proceso amplo, desde o seu punto de inicio, a información, ata o final, deseñado especificamente en función de cada caso. Pero todos eles contarán con algo en común, que é que terán á súa disposición as seguintes **medidas**:

- **Informativas**, que permitan o acceso de todos os galegos residentes no exterior ás iniciativas, tanto transversais coma específicas, das que son lexítimos beneficiarios potenciais:

6

- **Axudas sociais** que os diferentes departamentos da Xunta de Galicia dirixen aos galegos con necesidades máis urxentes, que no caso dos emigrantes retornados poden empregarse como un primeiro apoio para a súa integración na sociedade galega:

12

- **Formación** académica, a través de incentivos para ampliar e, no seu caso completar, os estudos dos mozos e menores que retornen á nosa comunidade, tanto con axudas para costear a educación básica e obrigatoria dos máis pequenos como para os estudos universitarios e de posgraduado:

7

- **Empresas e autónomos** contarán con incentivos, tanto para a creación de novos negocios como para a contratación de traballadores retornados:

20

- A **I+D+i** será obxecto de iniciativas para o fomento da investigación e a innovación que perseguen incrementar e poñer en valor o sector e converter Galicia nunha comunidade autónoma punteira neste eido:

5

Todas as medidas están deseñadas para facilitar a integración total do retornado, tanto a nivel económico como social e laboral. De aí que todas estean elaboradas coa perspectiva transversal da **igualdade e a conciliación familiar** que, ademais, contan con programas e incentivos específicos.

| METAS 2020

1 INCREMENTAR
O NÚMERO DE
RETORNADOS
NUN **50%**

2 ACADAR
O **REGRESO**
DE MÁIS DE
20.000
GALEGOS

3 LOGRAR QUE O **60%** DOS QUE
RETORNEN, 12.000 PERSOAS,
TEÑAN MENOS DE 45 ANOS,
CONTRIBUÍNDOLLE A **REXUVENECER**
A POBOACIÓN GALEGA
12.000
PERSOAS
MENORES DE 45 ANOS

4 DESTINAR A ESTA ESTRATEXIA
DE REXUVENECIMENTO
E RECUPERACIÓN DA
POBOACIÓN GALEGA MÁIS
DE **15 MILLÓNS DE EUROS** SÓ
EN MEDIDAS ESPECÍFICAS
15^M
EUROS

5 INVESTIR OUTROS MÁIS
DE **220 MILLÓNS DE EUROS**
EN MEDIDAS TRANSVERSAIS
QUE INCLÚEN INCENTIVOS
ADICIONAIS PARA
OS RETORNADOS
220^M
EUROS

